

Estimadas familias,

Antes de comezar, quero transmitirvos moito ánimo e forza xa que é unha situación moi dura esta que estamos a vivir.

Debido a que, de momento, a Consellería non deu unhas directrices a seguir para levar a cabo a actividade docente, non sabemos se podemos ir avanzando nos contidos dos libros do 3º trimestre. Por iso proponho unha serie de fichas de repaso e reforzo dos contidos tratados no 2º trimestre para a semana do 14 ao 17 de abril.

Son actividades voluntarias e non é necesario que se impriman se non se dispón de impresora. Poden poñer nunha libreta ou nun folio a data e a asignatura ademais do número de exercicio. Quero remarcar a importancia de que lean con eles todos os días un pouquiño e que fagan pequenos ditados ou que escriban sobre temas que lles interesen para que non perdan o hábito.

Deixo o meu correo por si me queredes enviar algunha tarefa ou dúbida.

vanesa.rodriquez.rivas@edu.xunta.es

Moitas grazas e un abrazo moi forte aos peques!